

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

7938 *Corrección de erros do Real decreto lei 24/2020, do 26 de xuño, de medidas sociais de reactivación do emprego e protección do traballo autónomo e de competitividade do sector industrial.*

Advertidos erros no Real decreto lei 24/2020, do 26 de xuño, de medidas sociais de reactivación do emprego e protección do traballo autónomo e de competitividade do sector industrial, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 178, do 27 de xuño de 2020, efectúanse as oportunas rectificacións:

Na páxina 2, na exposición de motivos, no parágrafo primeiro, onde di: «Así mesmo, e derivado do anterior, non se poderán realizar horas extraordinarias, establecer ou restablecer externalizacións da actividade, nin concertar novas contratacións, sexan directas ou a través de empresas de traballo temporal, durante a aplicación dos expedientes de regulación temporal de emprego a que se refire este artigo», debe dicir: «Así mesmo, e derivado do anterior, non se poderán realizar horas extraordinarias, establecer novas externalizacións da actividade nin concertar novas contratacións, sexan directas ou indirectas, durante a aplicación dos expedientes de regulación temporal de emprego a que se refire este artigo».